



PREMIO AUDITORIO DE GALICIA
PARA NOVOS ARTISTAS 2013



BASES DO CONCURSO / OITAVO PREMIO AUDITORIO DE GALICIA PARA NOVOS ARTISTAS 2013

1 | PARTICIPANTES

Poderán participar artistas, individualmente ou como colectivo*, que nacesen ou residan en Galicia, menores de 40 anos a 31 de decembro de 2013.

(Todos os membros deberán cumprir con este requisito)

2 | REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

a. Cada artista/colectivo poderá participar **cunha soa obra** (única ou como serie) realizada en calquera tipo de técnica ou soporte (pintura, escultura, fotografía, vídeo, instalación...). As obras deben ser **orixinais e inéditas**.

b. De comprobarse, en calquera fase do concurso, que as obras non son orixinais ou inéditas quedarán excluídas (incluída tamén a difusión ou publicación a través de webs)

c. Deberán presentar toda a documentación que se require no punto 4.1.a.

d. Todas as obras presentadas deberán especificar a forma correcta de exhibición.

3 | MEDIDAS DAS OBRAS

a. As medidas das obras para **pintura e fotografía** non poderán exceder os 250 x 250 cm se é obra única. Se se trata

dun díptico ou dunha serie as medidas máximas serán de 400 cm incluíndo os espazos entre as pezas.

Non serán admitidas obras que estean protexidas con cristal. Admítense as protexidas con metacristalo ou similar.

b. As dimensións das **esculturas** non deberán exceder as dun cubo imaginario de 250 cm de lado nin os 100 kg de peso.

c. No caso das **instalacións**, non poderán exceder as dun cubo imaginario de 300 x 300 cm de base e 200 cm de altura.

d. No caso de **obras de videoproiección**, o artista debe enviar o vídeo orixinal coa documentación. O Auditorio reserva-se o dereito de volver a exhibición dos vídeos en loop.

4 | FASES DO CONCURSO

4.1 | PRIMEIRA FASE: ELECCIÓN DAS OBRAS QUE FORMARÁN PARTE DA EXPOSICIÓN VALORANDO A DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTAN AÑOS ARTISTAS

Na primeira fase do concurso o xurado seleccionará as obras sobre a documentación que presente a/o artista. **Nesta fase NON se achegarán obras ORIXINAIS, a excepción de vídeos.**

A. Presentación de documentación

As/os artistas deberán proporcionar a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI.
2. Declaración de residencia (só en caso de que no DNI figure un lugar de nacemento ou enderezo de fóra de Galicia).
3. Enderezo postal, correo electrónico e teléfonos de contacto.
4. Nome artístico ou pseudónimo co que desexa figurar na publicación.
5. Fotografía persoal* (o Auditorio reserva-se o dereito de reprodución).
6. Fotografías da obra* que se presenta en formato dixital con calidade para a súa reprodución (300 ppp en JPG) na que se indicará posición.
7. Ficha técnica completa da obra* (título, data, técnica e medidas).
8. Currículo resumido* que non exceda das 20 liñas (en galego).
9. Texto explicativo* en galego —non superior ás 20 liñas— da obra que presenta ao concurso (o Auditorio reserva-se o dereito de reprodución).
10. O artista poderá achegar expediente artístico con fotografías doutras obras ou información sobre o seu traballo.
11. Valoración económica da obra para os efectos do seguro de estancia.

*Presentar tamén copia en formato dixital con soporte en CD.

De toda a documentación debe xuntarse copia impresa en papel.

B. Envío de documentación

As/os artistas deben presentar a documentación **antes das 14.00 horas do vindeiro 20 de decembro de 2013.**

Admítese por correo a documentación selada en oficinas de correo até o día 20 de decembro incluído.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade á data indicada.

A documentación **deberá enviarse ao seguinte enderezo:**

DEPARTAMENTO DE EXPOSICIÓN
Ref. Oitavo Premio Auditorio de Galicia
Auditorio de Galicia
Alda. do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

C. Selección

Unha vez recibida a documentación, o xurado fará a selección entre os dossieres presentados. Os artistas seleccionados formarán parte da exposición e da publicación que desta se faga.

4.2 | SEGUNDA FASE: ENVÍO DE OBRA ORIXINAL

A. Prazo e condicións de entrega das obras seleccionadas

1. O Auditorio de Galicia ponese en contacto coas e cos artistas que se seleccionen para indicarlles o período de recepción das obras, que non serán aceptadas nin antes nin despois da data previamente acordada.



2. Os gastos de embalaxe e transporte das obras, ida e volta, correrán por conta de/o artista, que as poderá enviar por calquera medio de transporte ou presentándose persoalmente para depositalas no Auditorio de Galicia.

3. Todas as obras deberán estar embaladas. O Auditorio de Galicia non se responsabiliza do seu deterioro por unha embalaxe ou transporte non adecuado. Deberán estar protexidas para a seguridade na súa manipulación.

4. O Auditorio de Galicia emitirá unha póliza de seguro que cubrirá as obras durante a súa estancia na sala de exposicións; non se fará responsable das posibles riscos durante o transporte. En caso de que na desembalaxe se detecte algún desperfecto non se considerará responsabilidade do Auditorio.

5. O Auditorio de Galicia dará o máximo coidado das obras recibidas.

6. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado.

7. As/os artistas deberán achegar todos os elementos necesarios para a correcta instalación e exposición das obras. No caso de que algún elemento non sexa proporcionado polo artista, este deberá facilitar opcións ou adaptarse aos elementos que o Auditorio este en condicións de ofrecer.

8. En caso de instalacións, as/os artistas estarán obrigadas/os a asistir á montaxe da súa obra, se o Auditorio de Galicia o require, nunha data que se acordará entre ambas as partes.

B. Lugar de entrega

As obras participantes recibiránse no Auditorio de Galicia, Alda. do Burgo das Nacións s/n, Santiago de Compostela, nas datas que se indicarán ás/os artistas seleccionadas/os, de luns a venres en horario de 09.00 a 14.30h.

5 | EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas serán obxecto dunha exposición que se inaugurará no ano 2014.

6 | DEVOLUCIÓN DAS OBRAS

1. Finalizado o período expositivo, as obras poderán ser retiradas no mesmo lugar de recepción, nunha data previamente acordada.

2. O Auditorio de Galicia non se fará responsable da conservación das obras non retiradas.

7 | XURADO

O xurado estará composto por:

D. Juan Carlos Meana Martínez, decano da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Dña. Silvia Louguina, directora da Fundación Sotomaior

Dña. Mercedes Rozas, comisaria e crítica.

Dña. Sofía Santos, vicepresidente/a patronato CGAC. Coleccionista de Arte.

Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia ou persoa en que delegue como presidente deste xurado.

Director-xerente do Auditorio de Galicia ou persoa en quen delegue, que actuará como secretario/o deste xurado.

O Auditorio de Galicia reserva-se o dereito de substituír algún dos membros do xurado en caso de que non puidese asistir ás deliberacións.

A resolución final do xurado farase pública no acto inaugural da exposición.

A decisión do xurado será tomada por maioría absoluta e é inapelábel.

8 | PREMIOS

Os premios serán os seguintes:

- Un primeiro premio dotado con 6.000 euros.
- Un segundo premio de 1.000 euros e intervención na Zona C*.
- Un accésit de 1.000 euros.

Os premios quedan sometidos ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) de acordo coa legislación vixente.

* Todas as facturas dos gastos realizados para a intervención da zona C deberán sumarse na súa totalidade. Impostos incluídos, un importe máximo de 2.500 € (doza mil e cincocentos euros), que incluírán: produción de pezas, educación do espazo, montaxes e desmontaxes, transporte, seguros, textos e imaxes, deseño de invitación e elementos de difusión (vídeos, banderolas, cartéis...), acto inaugural ou calquera outro gasto que sexa a intervención.

9 | ACEPTACIÓN DAS BASES

Os/as artistas seleccionados/as autorizarán a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio de Galicia considere oportuno facer dela.

A participación neste certame implica a total aceptación das súas bases e a conformidade coa decisión do xurado.

A organización reserva-se o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras que afecten directamente ao feito do certame.

O xurado reserva-se o dereito de declarar deserto algún ou todos os premios.

A interpretación das bases é cometido exclusivo dos membros do xurado.

10 | INFORMACIÓN

Máis información no teléfono 981 552 200 ou no seguinte enderezo electrónico:

exposicions@auditoriodegalicia.org